

Recursos Humanos
Expediente 41038-220 e
42667-220

ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019 (3º fase).

PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRA/O TÉCNICA/O FORESTAL (A2)

ANUNCIO CONVOCATORIA SOBRE A LECTURA DO SEGUNDO EXERCICIO

Convócase á lectura pública das/os aspirantes asistentes ao segundo exercicio do proceso selectivo de referencia, que foi realizado en data 03/11/2023, para o vindeiro **venres 10 de novembro de 2023 ás 11:00 horas**, e segundo a orde de lectura resultante do sorteo que rexerá para todo proceso, e que quedou establecida do seguinte xeito:

N.º	APELIDOS	NOME	DNI
1	TEIJEIRA DACOSTA	S.	***7514**
2	MEIRA SUAREZ	J. M.	***7548**
3	RIVERA GARCIA	P.	***3164**

As persoas convocadas deberán presentarse na data e hora na que foron convocadas na **Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo (1º andar)** para seguidamente acompañar ao órgano de selección á sala onde se procederá á lectura pública dos exercicios, que será a sala de Europa (3º andar).

A persoas convocadas deberán comparecer provista do seu DNI ou outro documento válido de identificación. De non acudir á lectura pública do seu exercicio, serán declaradas non apta e eliminada do proceso selectivo.

Igualmente, infórmase que, a base xeral oitava, "*Órgano de selección*", apartado 8.2, *Asesores especialistas*" que regulan a Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019, publicadas no BOP de Pontevedra nº 128, de 7 de xullo de 2020, establece que:

"O órgano de selección poderá contar con asesores/as especialistas para a realización de todas ou algunha das probas, estes/as colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e deberán comparecer a título individual, con voz e sen voto, debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de membros dos órganos de selección establece a lexislación vixente."

Conforme ao anterior, e a proposta do órgano de selección, por resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 25/09/2023, acordouse a designación de **Dº Francisco Alberto Varela García**, profesor de Área de Enxeñaría cartográfica, xeodésica e fotogrametría da Universidade da Coruña, como persoal asesor para o proceso selectivo de Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal (quenda libre), que será convocado para a sesión da lectura pública deste segundo exercicio, nos termos e condicións establecidos nas bases do procedemento.

O que se publica aos efectos procedentes.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O secretario do órgano de selección.- Marcos Viturro Gómez



Copia do documento - Concello de Vigo 41038-220	Data impresión: 06/11/2023 08:54 CSV: A5AA31-4935B5-58CCBB-P4DZUH-VRNSTE-FD	Páxina 1 de 1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		